

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

PUBLIC. 112

Os mandamentos d'o MARCOS  
fora d' airexa, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con entusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
deromña sécula amen.



Tenén os pobos a gala  
n'-o seu lenguaxe falar;  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, além'in:  
soi'os gallegos d' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.

## PARRAFEOS C' O POBO GALLEG

Ano quinto

Ourense 30 de Decembre de 1883.

Parrafeo noveno

### AXUNTANZA DE BRUXAS

Nantronte, ó dar as doce n'-o relóx d'a catredal, non sei que estrano barullo sintín preto, que me puxo en garda. Todo me cheiraba a xofre, y-anque non son d' aqueles que non creen en Dios e creen n'-as bruxas, como dí o relembrado poeta Alfredo Vicent, arrepíaronsemse as carnes e púxenme a tremar com un bimbo cando fai vento. D' ali a pouco unha voz melosiña e branda—que leve Xuncras si s'i d' onde saía—líxome quedo: «Anda Márcos, bule aixiña, unta o corpo co-esto que che dou pra rubir pol-a gramalleira, pois quero que veñas comigo á axuntanza d' as bruxas.» O calandario rezaba o dia 29 e non chegou a deprocatarme d' o engano hastra que o mesmo pantasma d' a voz adivinándome, atalloun me decindo: «Estás aviado si te rixes pol-os calandarios d'a terra: cando anuncian chuvia, fai bo tempo. Os que os compoñen botan a conta pol-os dedos como a tia Sabela e perden moitos menutos n-a conta. Hoxe eche o dia de San Silvestre pol o calandario d' o outro mundo, e si te dormes -as pallas, non chegamos.»

Que Dios non m' o tome en conta si fixen mal, mais non tiven forzas pra fuxir d' a tentacion. Untei os dedos primeiro n'-o mexunxe que m' amostrabá, untei demais o cerniz, as xunturas, e con licencia sea dito, as prantus d' os pés, e topéime tan lixeiro com' un grobo cando se infra. Sin sabelo rubín pol-a gramalleira, e rube que rube, e voa que voa, chegou mais aló d' a capa que envolve o mundo, pois éste á semellanza d' os señoritos tamén ten capa. Logo que ali chegou por máquena, oubín que berraban: «¡A montar!»

Púxenme d' acancha perna, non sei de que; mais cando empecei a dar conta d' o que me pasaba, vin por estosollos que hi comer a terra, qu' o Tio Marcos en presoa, mis non en carne e hoso, iba de viaxe a cabalo d' unha centella: besta d' os aires que trotá mais que os cabalos d' o Xacobo, e que pol-o menos anda mellor que as locomotoras d' o ferro-carril d' Ourense a Vigo.

Inda non anlivera cinco minutos cando a centella parou e tiven que botar pé a terra sin estribeliras. Un home con sete ollos botoume pol-a cabeza un túneco d' amianto, e demais

de me dar a beber non sei que auga con polvos, díxome secamente: «Púxenlo pra que non se queime; bo viaxe» e botouse á fuxir sin agardar pol-a propina, cousa que non fan os mozos d' a terraña que pol-a cosa mais pequena abren as maus e finxense os rogalos dicindo. «Eu non sei pra que anda co-esas molestias.»

Eu non levaba relox e non pudo decir o tempo que tirlei na segunda camiñata; mais xuro e perxuro que á pouco d' empren dela oubín berrar: «O sol; vinte minutos de parada!»

Non che me quedaba mais que ver, o Tio Marcos d' a Portela sin estar n-os cornos d' a Iua, alcóntrase vivindo n-o Sol!

O calor abafaba. Eu tiña sede e tiña fame. Pidín de comer e dixéronme que non había mais que *rayos* en *escibeche*. Pidín de beber e sirvíronme unha xerra de muxicas que me fixeron n-a boca mais vinchocas que graos de millo ten un cabaceiro. Por unha pinga de viño dira eu n-aquela, todo canto teño, que non é molto. Quixen alcender un pito e ¡vai che boa! ardera o papel y-o tabaco, non causándome extraneza o facerme de cargo que n' atopaba n-o sol, pois xa n-a terra o tabaco que nos venden arde de seu.

Non tendo que facer púxenme man sobre man, en agarda d' os acontecementos, e como son gallego enxebre, e pol-o mesmo, amigo de dispóner de vagar, dixen pra miñ: «Por elquí m' as dean todas,

Escomenzaron a chegar as bruxas montadas en basoiras pol-o estilo d' os pequenos. Aquelas bruxas non eran como as pintan n-o mundo, vellas engurradas e con corcoba, si non garridas e xeitosas con caras d' anxelos e corpo da fada. ¡Ay nunca Dios me dera, aquello era un felitizo!

O verme soltaron as basoiras e puxéronse a bellar diante miñ sourinlo como tolas. Pol-o que poldera crecer, metín a man n-a faiquirreira e fixéndole a flaga pol-a eslada, que a miñ non m' a dan as bruxas, nin son d' aquelas que me deixo botar de pepla por arrangalles de mulieres. Gustaban faldas e non tiña mais que saber pra formar a coberto de calquera diabrua.

As bruxas siguián beilando e sourrindo, e namentres que tal facian acenábanme co-a mau á monteira.

—¿Por quén me tomaron estas bruxas?—dixen pra miñ.—Non pois... a boa parte venen con bruxerías!

Puxen a tervo a moca, rosmeilles e berrei canto poiden:

—Bruxas ou meigas ¿qué rayos me querendas?

—¿O mesmo, o segundo cabo d' o inferno—lixeron á unha—xa llo da ese corno que trai posto n-a testa.

—Trocár a monteira c' un corno! ¡Corno pra elas!

Non por estar n-o sol deixaron de chover pius como si estivese n-a desfeita d' uaha romaxe d' a nosa terra; mais como as conlañadas non tinan lombo, lonxe de lle facer mal, praciállas verme noxado.

N-este medio temp., n-a compañía d' un fato de demíños, bruxos e meigallos, chegou o demo maior d' o inferno: a Sua Excelencia condañada como por alá lle chaman. O rabo íballo agarrando un demo con traxe de monacilla, como pol-o xeito d' os caudatarios d' os señores obispós, perdendo a comparanza. Leyaba o paso de capitán xeneral y-as cornas estarricábanselle ou encollíanselle de súpito. Eu pra qu' ei decir: o demo non é tan feo como me dixo o maestro n-a escola y-o señor abade dend' o púlpeto. Pol-o menos non me pareceu, ou non me conviña nin xiquera pensalo que o fose, porque dende que n-o mundo oubín a algás sostor que adivinan o pensamento, sin ser milagre, o demo podía adiviñarmo.

O demo maior pousou as asentadeiras n-unha taborela e botando labareda pol-a boca, dixo: «Audencia de 1883 pr' as bruxas; a sesion queda aberta; os bruxos novos poden achegarse.»

Todolos ollos fixáronse en miñ.

O secretario d' o demo estarricou a corna, botouma pol-o pescoco, e queiras non queiras, caín n-o estrado.

—¿Quén eres?—perguntonme o demo falando en latin como os cregos.

—O Tio Marcos d' a Portela, veciño d' Ou-

rense, maor de sasenta anos, respondinlle.

—¡D'a terra d' o zapateiro de Cangas! ¡Catrocentos mil caldeiros d' aceite fervendo! ¡Millenta millós de cobras e salamántigas! ¿E quén te trouxo eiquí?

—Eu non sei; foi unha bruxa, foi unha meiga, o demo sería, señor...

—¿Estréveste a decir que te trouxen eu?

—Dispense; como por aló en Galicia temos a costume de lembrar o demo, fóiseme a lengoa.

—Xa sei que aquela é boa terra, que se recordan moito de min e que, a Dios gracias...

—Ay, señor demo, tamén a vosté se lle vai a lengoa!

—Non faltan escribaos, usureiros e xentes que me sirven de moito pra encher o inferno, y-eso que xa saben como lle paga o demo a quen os sirve. Mais volvendo ó conto, ou díxaixiña quen te trouxo eiquí, ou prántoche n-o medio d' a testa dous cornos como duas trabes, pois anque non son muller sei poñerlos a calquera fillo de veciño.

—Què o demo me leve si o sei.

—E pra que te quero eu? Si coídarás qué teñen mentres de levar o traballo de cargar contigo, vello arringallado, que nin sirves pra soprar o lume?

—Fóiseme outra vez a lengoa.

—Pois pra que non che se vaya outra, arrincareicha.—E diciendo tal meteu-me un corno pol-a boca.

O demo siguiu falando:

—Eres d' a terra d' o zapateiro de Cangas e non podes ser bô. Xa din órdes pra que non ademitsisen ós gallegos n' as axuntanzas d' as bruxas. Anos fai que ese zapateiro en vez de me bicar enterroume a subela n'as nádигas, e por más que teno o coiro duro e non me mancou, non querio eses desacatos. Volvo a perguntar que quen te trouxo, quen che diu untura pra rubir pol-a gramalleira, e quen che dixo que era hoxe a festa d' a bruxería.

—Eu que non podía trouxer o corno, contestille facendo a sinal d' a cruz.

—O demo tiroume d' a boca a tallada e dixome con voz de trono: «Fala de palabra e non me fales por señales, e non pense que te deixo libre porque me faga dano a cruz: estouche acostumado á vela, e ti non deberas

esquecelo. porque aló en baixo ben decín les que «detrás d' a cruz está o demo»

Eu que non tiña que contestarlle cal i com' un morto e menutos dempois recibía o mandato de sair fora d' alí.

Botar, botáronme fora, mais por curiosidade quedei axexando pol-o buraco d'a porta.

O porteiro colleúme n-o allo e meteu-me n-unha caldeira d' auga fervenda, nin mais nin menos que si fose unha galina.

Aquela fervedura non me foi de todo mal, pois tanto más fervía iba, collendo forma d' un demo en estado de canuto. De ali á pouco sentíñme voando pol-os aires, sin moça, sin moñeira e sin corpo, pois todo se me dixretera.

Non tardei en dar c' unha porta que tiña un gran letreiro, que decía: «Secretaría de negocios extranxeiros».

Metíñme pol-o burato d' a chave, y-o primeiro que botei á cara riba d' unha mesa foi un número d' o *Progreso*, periódico de Madrid inspirado por don Cristino Martos. Martos en correspondencia c' o demo!

N-outra mesa acupábisse en turrar pol-os pelos unha señora que se chamaba *Civilización*, doéñase de qu' a levase o demo. N-outra estaban os pranos d' o ministerio de Conxo, d' a casa-Auntamento e d' o Instituto d' Ourense, e d' outras obras de Galicia n'as qu' o demo puxo as maus.

Non quixen ver mais, e com' m' atopaba en traxo aproposito pra asistir á axuntanza d' as bruxas, alá me fun pol-amor de non facer o meu viaxe en balde.

O demo maior xa non estaba. Quediran as bruxas solas. ¡E qué bruxas! Así que me virón, dirónse prësa á salarme.

—Tés que te casar con tres, dixeronme.

—¡Arrenegado sexa o demo! ¡Tres mulleres ós sasenta anos.

—Pois com o demo principiante non podes pisar por outro camiño.

—Dinantes consinto qu' o demo me dea outra pildora com' a de marras. N-a terraza chégallé á calquera unha maller pra volvelo tolo e pra amainalo. Conservame virxe, quero decir solteiro, e n-o mesmo estallo hei morrer.

—De que terra eres, log?

—De Galicia, á moita honra.

Unha caraxada xeneral resoou entr' as bruxas.

—Pois logo vaite,—dixome unha con certa sorna-morna—vaite e non volvas, que malaia a falta que fas. Non queremos nada c'os gallegos, que n-o sigro dazanove inda creen n-as bruxas que botan os meigallos, que fan mal de ollo, que lle chupan a sangue ós nenos, que mirran as vacas, que se meten n-os porcos e que s'entreteñen en arrendear n-as carballeiras, en levar mortos en precesion e n-outras angueiras d' o xénero imbecil.

—Estas bruxas non che queren nada c'os gallegos que xuran e perxuran que vén a *compañía*, que mercan figas pra nos arrenergar, que nos teñen medo pol-a noite, que non teñen cartos pra lles dar pan ós fillos e gástranos en rescritos y en figas; que pensan que somos vellas enganidas, e sobre todo, sexas quen sexas, sendo de Galicia abonda pra que non te vexas libre d' a supersticion e penases que témos libertade e tempo pra nos andar divirtindo e metendo n-as cousas d' o mundo.

—Pouco á pouco, señoritas bruxas, que por aló non todos pensamos así. Eu viñen á vélas por aquelo de ver algo, que pol-o de-mais de sabido esquezo que non hay d' esa caste de bruxas de que falan algúns meus compañeiros de monteira. Xa sei que non andan mais bruxas pol-a terra qu' aquelas de carne e hoso que visten faldras e que, non despreciando, son tan feitinas e xeitosas como vostés. Xa sei, e como eu sében-o os que algo deprenderon, que non hay mais bruxerias e feitizos qu' os que teñen as mulleres cando sourrien, cando falan, cando nos miran á fito, cando nos din que nos queren. Estas si que son bruxerías que hastra chegan á levarnos pol-a mau como si fósemos ovellas á Vicaría, onde nos xunguen, onde convirten ó mozo mais barulleiro en marido xuicioso e pacentísimo.

—Non, pol-o modo que tés de falar non eres d' os labregos de Galicia, pois supemos qu' inda non fai moi tempo que tendo por bruxa á unha coitada vella, moerona á paus botándolle as culpas de que fora a causante de que ó munguir unha vaca dese sangre en vez de leite.

—Eso non pasa oxe.

—Xa: xa, xa: vai á padricar pol-as aldeas e verás si témos ou non témos razon.

Eu non sei como foi, mais cando tal acabaion de falar as bruxas sentin un trono e topeime ó pé da lareira n-a miña chouza e n-o meu pobo.

—Zicais seria un sono?

Realidade ou sono, é o certo que me deu como esperencia a necesidade que se sinte de qu' os gallegos ilustrados escorrensan d' o ánemo d' os iñorantes toda creencia d' agoros e bruxerias.

## OS RAPACES D' A SEUCION CORAL

(CARTA ABERTA)

*Os meus queridos amigos Ricardo García, Virxilio G. Anguiano, Enrique Añel e Luciano d' Arredondo*

Méus estimados amigos:  
 Fai tempo que tiña ganas  
 de botar un *parrafeo*  
 c' os mozos, que, cando cantan,  
 deixan lelos ós pasmós  
 que ll' escóitan a *Alborada*.  
 Fai tempo—y-eu nunca minto—  
 qu' inda non hay duas semanas  
 que, n-uuha noite de lúa,  
 noite transparente e crara,  
 colmado de gozo o peito  
 y-os ollos chéos de vagoas,  
 oubín os vosos acentos  
 como rumores de augas  
 que, pol-os cóyos d' o monte,  
 sin que se sintan, esbaran...  
 ¡Qué térra malenconía  
 hay n-as vosas tristes cántigas,  
 e como as vibrantes notas  
 en turbulentas cascadas  
 enchen d' arrulos a noite,  
 —arrulos de pombas mansas—  
 e dempois entr' ans ardentes  
 bulidoras pol-a y-alma!  
 Non hay xilgaros n-os ábores  
 nin paxariños n-as cámpanas,  
 que canten, como estes bruxos,  
 tan malencónicas cántigas...  
 fato negro de demoros  
 qu' a forza n-as gorxas gardan  
*subiotes e frautis*  
 e *bandurrias e guitarras!*  
 Eu entolezo de todo  
 cando lles sinto a *Alborada*,  
 que parés qu' o sol se irgue  
 pol-as montañas d' a pátria,  
 e que s' enche o curazón  
 de resprandores de albas...  
 Pónse o *escrivano* n-e medio,  
 co-a sua *pelica* raxada,  
 colle un *guizo* de laureiro  
 —anque o merece de prata—

e c-un demoro d' un *chifre*  
dalle a sinal ós que cantan.  
'Us tósen, outros escopen,  
poñen as *pañosas* baixas,  
e fan, como un *cú*, unha *roda*  
o redor d' o d' a *bufanda*,  
y-éste, entón, parés o *rabo*  
y-os dimás unha *naranxa*.  
Baixo, baixo, moy baixiño  
ús sospiran, outros cantan,  
outros romedan ás *pitas*,  
outros romedan a *gaita*,  
outros botan esguios,  
e roben ús, y-outros baixan,  
e pouco a pouco ós meus ollos  
van vindo ás presas as vágooas,  
e pouco a pouco a tristeza  
énche con olas amargas  
o corazon, y-o meu peito  
ferve que ferve, e n-a y-alma  
paxáros, brisas e frases  
axítause en louca danza,  
y-a sangre pónse tan quente  
c' o frenesi d' *Alborada*,  
qu' *iles* cando c' antan choran  
y-eu choro cando *il's* cantan!...  
Por eso non vos hay xílgaros  
nin paxaríños d' as campas  
nin reisenores d' a noite  
onde está esta *rapazada*.  
¡Ben pol-o fato d' os meigos  
e ben pol-o d' a *bufanda*,  
ben pol-os ménos amiguíños  
e braro pol-a *Alborada*!  
¡Mais o caso é que sin nome  
ainda están os que así cantan!  
¿Queredes qu' eu vos bautice  
sin *latis*, *cregos* nin *ugos*?  
Chamadevos *Os Amigos*  
que é unha boa nomeada,  
y-asina, cando cantedes,  
en noite prácida e crara,  
faredes *roda* c' os *corpos*  
y-outra mais pecha c' o as almas.  
Basta xá de parafeos  
e de versos e de cántigas,  
y-en pago de todo o dito  
vouvos pedir unha gracia,  
que, si saides pra *Reises*,  
paredes n-a miña casa  
e botedes n-a *Barreira*  
un cachiño d' a *Alborada*.

ALBERTO G. FERREIRO.

Ourense Decembre de 1883.

### CASOS E COUSAS

A noite d' o vintesete sucedeu n-unha  
d' as ruas d' esta vila e n-unha casa ben  
lembra, un caso que pode servir de moito

pra inventar un novo sistema de *prensar vagos*.

Duas señoras, nai e filla entraban n-o portal d' a sua casa. Algo deben sentir a nai rebulindo detrás d' a porta que desandou o camiño e puxose a empuxala contra a parede, decindo como quen non fai nada: «Eu quero as portas abertas de par en par e non cuasi entornada como esta» e namentras falaba non deixaba de empuxal-a porta.

Detras d' ela alcontrabase agachado un d' esos tenorios que andan pol-as noites a caza d' anduriñas, e que se metera ali agardando que baixase a costureira.

Cando se deprocotou a filla, lonxe de volver pol-o esprimido, axudou a empuxar.

O probe d' o tenorio sofriu as apertas sin berrar. Non era milagre: cortexaba tamen a filla e prefiriu que o deixasen como unha posata de bacalau dinantes que o descobrisen,

Cando tivo conocemento d' o conto a costureira, anoxóuse e resolveu non dar outra puntada n-aquela casa.

E non deixa de ter razon. ¡Xa se ve... As donas quixeran facer unha tortilla c' o seu noivo! \*

'O sair d' a misa,  
d' a misa d' o galo  
foi pr' a casa chispo  
Xacobe d' o Pazo.  
Por eiqui me ergo,  
por alí me cayo,  
ás apalpadelas  
chegou hastra o pátio,  
Chamou non ll' oubiron,  
e desespranzado,  
tan longo com' era  
deitouse n-o chau,  
E quedouse aixiña  
durmindo e roncando.  
Pasou d' ali á pouco  
un seréo d' o bárrio,  
e pôndose á expreita,  
dixo pr' o seu sayo:  
«Ladrós eiqui andan,  
collinos n-o allo;  
fágome hoxe celebre  
ou nunca me fago.»  
En ristrou o chuzo,  
tocou o silbato,  
sereos acodiron,  
un, outro, tres, catro  
E xuntos de súpito  
n-o portal entraron.  
Inda ben un d' eles  
non dira dous pasos,  
tembrando c' o medo  
com' un ozougado,  
cando os pés n-o corpo,  
puxo d' o berracho;  
¡Un morto señores!  
berrou tatexando  
¡Un morto que crime!'

Xacobe d' o Pazo,  
mais morto qu' e vivo  
e todo asustado,  
facendo un esforzo  
ergucuse d' o chao  
y-o erguerse berraba  
com' un condanado:  
"Veciños, socorro...  
ladrós n-o mea patio!"  
chegaron as xentes,  
armouse un escándalo,  
ninguen s' entendia,  
sereos, borracho,  
veciños, mulleres,  
todos s' agarraron  
sin se daren conta  
d' a causa d' o caso,  
hastra que o causante  
Xacobe d' o Pazo,  
algo mais sereo,  
e deprocatado,  
dixo con voz forte:  
—Haxa paz, jearafio!  
oubindeme, calma,  
qu' eiqui son o amo;  
nin ladrós nin morto  
hay n-este cotarro;  
son eu, que unha pinga  
e doux medios tragos  
botei á maiores  
de vino cristiano,  
saindo d' a misa,  
d' a misa d' o galo.  
Esto que vos conto  
pasou en Santiago,  
d' a rua d' as Rodas  
pouco mais abaixo.  
Si o Melchor falara,  
si quere ser franco,  
si n-on teme o noxo  
d' os seus parroquianos,  
decirbos poiderá  
quen foi o borracho.

Dixen que os empregados de correos quén  
renome botar de perda, e pol-o que vexo non  
vou descamulado.

As queixas abondan como patacas en ano  
de fartura. Eiqui escrébense as faixas, com-  
próbanse dempois, líechanse os parrafeos,  
lévanse ó correo e d' administracion d' Ourense  
estou seguro que saen; mais n-o camíno  
como si volvesen volvoretas, voan e non che-  
gan as maus de queu van dirixidos.

Queixas d' Allariz, de Maside, de Santiago,  
de Vigo, de Mellid e d' outras vilas cho-  
ven sobre de mi.

Xa non sei que facer pra me librar d' eses  
*suscritores de gorra* mantidos pol-o Estado.

¿Por qué non falan craro si queren leer de  
bald?

¿Teñen eses empregados a encarga d' aca-  
bar co-as empresas d' os periódicos?

¡Ay d' o que caya!  
Senor ademínistrador d' Ourense, pol-a  
nai que o pareu pergúntelle ó estafeteiro de  
Maside, ¿qué xuncras fai aquel fato de galafa-  
tes agardando n-a estafeta a chegada d' o  
correo, e fisigoneando cantos periódicos alí se  
dirixen? ¿Por qué non chegan os seus donos?  
O escándalo xa pasa d' a raya.

Naide o dia vinteito  
*alcontrou un inocente:*  
¡estámosche pra inocencias  
n-este siglo d' entremeses!  
Inda ben non nace un neno  
cando de vista se perde,  
y-ós dez anos son deutores  
en picardías enxébres.  
As nenas jvállame Dios!  
Q chegar os dazasete,  
saben xa mais retranqueiras  
d' as que seus pais lle deprenden.  
Us e outros os estudos  
ningunha afición lle teñen,  
pero a gramáteca parda  
téñella con ánsia e febre.  
D'os vellos xa non vos falo;  
co-as malicias que ll' esquecen,  
malicia houbera d' abondo  
pra dez mundos como este;  
fora d' estas contras, temos  
moitas castes d' inocentes:  
a d' os que pagan trabucos,  
a d' os que traballan sempre,  
a d' os que con fé resolta  
n-a política se meten,  
a d' os cesantes q' agardan  
qu' os conservadores cheguen,  
a d' os alcaldes que son  
d' os que van e d' os que venen,  
a d' aqueles deputados  
que a influencia que non teñen,  
vana buscar ó Goberno  
a cámbio d' o que ll' ofrecen,  
a d' os xefes dc provincia  
ou gobernadores débres,  
que non fan sinoz aquello  
que o señor ministro quere;  
a d' os que creen que hay bruxas,  
a d' os que rendas non teñen  
e trunfan, rumban e gastan  
como si foran marqueses;  
a d' os que buscan sosegas  
n-os amores d' as mulleres,  
a d' os que preitean por probas  
e preitean por cativeces,  
a d' os que casan con ricas  
non sendo mais que peleas;  
a d' os que confian en todos,  
a d' os que din o que senten,  
a d' as mocinhas que xuzgan  
qu' ón tempo enganan á sete,  
a d' os que mercan rescritos,  
a d' os que pagan o aceite

d' as lámparas d' as círexas  
pra curar males e pestes;  
a d' os que escupen ó ceo  
y-a Dios aldraxan y-ofenden,  
a d' os que non tendo barbas  
por homes de pró se tenen,  
a d' os que por se locir  
en periódicos escreben,  
a d' os que se gaban moito  
en decir qu' en nada creén,  
a d' os que nunca pensaron  
en morrer, y-a morte esquen;  
e por este mesmo xeito  
outras castes d' inocentes  
que hay n-este mundo cativo  
que viven, roen e beben.

## EFEMÉRIDES GALLEGAS

DECEMBRE.

- 22 de 1611. Celebrase n-o convento de San Xerónimo de Madril a consagración d' Obispo eleuto de Lugo, don Pedro Ordoñez de Rosales.  
 23 de 890. Morre San Wintila n-unha gruta d' a serra de San Mamede, onde foi enterrado.  
 24 de 1400. Real carta de protección que don Enrique III mandou os xurados d' a Cruna.  
 25 de 967. San Rosendo, obispo de Compostela, obrigado pol-a forza deixa o gobeno d' a sua diócesis ó seu antecesor don Sisnando.  
 26 de 1582. Morre en Madril don Diego de Torquemada, obispo de Tuy.  
 27 de 1814. Nace en Santiago o ilustrado gallego don Xan Lozano e Torreira, conde de Pernia e obispo de Palencia.  
 28 de 787. Fundase o mosteiro de San Xulián e Santa Basilisa d' Aveancos.  
 29 de 1640. Trasládase a residencia d' a capitania xeneral de Galicia á Pontevedra pol-amor d' o alzamento de Portugal.  
 30 d' o 44. A reina Lupa, segun algúns, dona n-este dia o seu pazo pr' a sepultura d'o Apóstol Santiago.  
 31 de 1839. Publícanse os estudios de *Cronoxia Universal*, d'o escritor gallego, don Baltasar Peón.

## CORREO D' O "TIO MARCOS"

D. M. G. Q., Verin.—Alá lle vay o parrafeo en contesta d' a sua carta. As cadelas po-

deas mandar en sellos ou en libranza, O contó é que cheguen. Moitas gracias pol-os seus desexos.

D. R. C., Xinzo.—Contesteille pol-o correo,

D. E. R., Vigo.—Eu non sei como lle faltan os parrafeos indo en tren. N-o seu dia mandáronlle todos e nantronte volvíronselle a mandar os que non recibiu.

D. X. S., Santiago.—Os empregados da correos quérenme botar de perda. Pol-a vez segunda mandeille os parrafeos atrasados, xa que a primeira non chegaron ó seu poder, non por descuido noso, si non porqu' os afanou algun galafate.

D' eiqui saen to los, e ténse moito tino en precurar que non se queixen os suscritores.

D. B. R. V., Vilameá.—Quela vosté scrito e mais o outro que me di n-a sua carta.

D. X. M. F., Ordenes.—O mesmo.

D. X. G., Celanova, Ponte-Bardaxa.—Recibin ó seu nome seis reás por suscripción hasta fin de Marzo.

D. V. O., Habina.—Márdanse todos os parrafeos atrasados. Moito me comprixe qu' os gallegos que viven n-esi tanto se folguen de qu' o Tío MARCOS volva á andar de riola por estes mundos.

Agradézolles tamen a intención que teñen de axular á rubir d' costi á este vello. Xa sei qu' o corazón da Galicia latexa por esas terras con mais forza que n-a nosa.

Deséxolle saude e venturanzas.

D. G. L. T., Mellid.—Escribólle ó administrador de correos de Santiago pra que lle bote unha calenda ó estafeteiro d' esa vila.

Confio en qn' aquel señor; así o fará, pois non é xusto que vosté non reciba os parrafeos cando d' eiqui se lle mandan y estou certº que saen d' eiqui.

Vanlle de novo os que reclama.

D. C. G., Redondela.—Recibín os doce reás en sellos por suscripción hasta trinta de Xunio d' o ano que vén.

D. S. S., Boborás.—Entregaron ó seu nome seis reás por suscripción hasta trinta de Marzo.

D. F. G., Carballino.—O mesmo.

D. X. C., Cartelle.—O mesmo hasta trinta de Xaneiro, e mandáronselle os parrafeos atrasados.

Imp. d' O ECOD' OURENSE

Alba, 15

## ANUNCIOS

### O TIO MARCOS D'A PORTELA, PARRAFEOS GALLEGOS.

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páxinas en folio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d'o país gallego.

#### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

#### ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricós é por adiantado.  
Os números soltos vénndense á dez céntimos de peseta.  
Os pagos faranse en sellos ou letras d' o xiro.

### XASTRERIA

Quen á moda verdadeira  
queira vestir hoxe en dia,  
n-a escelente xastrería  
qu' hay n-a rua de Pereira  
fale c-o Xosé María.

Cantas prendas de vestir  
os fillos d' Ourense tran  
pra rumbar ese lucir,  
ali todíñas se fan  
que xa non hay mais pr' ond' ir.

### GALZADO

O zapateiro Garcia  
ten n-a sua zapatería,  
com' é natural, zapatos  
que non s' atopen n-o dia  
tan feitiños e baratos.

Aproveitande a ocasión  
os que tendo ou sin ter rendas  
calzades n-a pobracion:  
está n-a rua d' as Tendas,  
praza d' a Constitucion.

**P**ra comidas e bó viño  
buscande n-a vila nosa  
a casa d' a Xenerosa  
n-a rua d' o Pelourino.

N-ela limpo e con fartura  
tanto se bebe e se come  
por pouco, que non hay home  
que non laude a baratura.